



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ANUNCIO

Anuncio do Tribunal seleccionador para a provisión, en réxime de interinidade, persoal laboral temporal, dunha praza de operario/a de servizos múltiples do Concello de Cabanas.

Publicados os anuncios de baremación de méritos da fase de concurso e da puntuación obtida na primeira proba da fase de oposición, en data 8 de marzo de 2017, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Visto as alegacións das persoas aspirantes que se están a presentar en relación á baremación de méritos e á puntuación obtida na primeira proba da fase de oposición e, á vista de que nin nas bases da convocatoria da referida praza nin nos referidos anuncios publicados se fixou un prazo de alegacións a estes efectos, este Tribunal acorda establecer como período máximo de presentación de reclamacións ata o día 16 de marzo ás trece horas, a efectos de que as persoas aspirantes poidan presentar as alegacións oportunas tanto á fase de concurso de méritos como á da valoración da primeira proba da fase de oposición.

As persoas aspirantes que presenten as súas alegacións nun rexistro distinto ao do Concello de Cabanas, deberán remitir obrigatoriamente unha copia do rexistro da alegación presentada á seguinte dirección de correo electrónico: registro@cabanas.gal, dentro de dito prazo. En caso contrario non serán tidas en conta.

O Tribunal reunirse o vindeiro venres, 17 de marzo de 2017, ás 09:00 horas, a efectos de resolver as alegacións presentadas polas persoas aspirantes. Unha vez rematado o acto, publicarase a relación de acordos tomados.

O Presidente,

Asdo: José Antonio Meizoso Paz

